



"O mesmo idioma en todas as cidades", compromiso do BNG

Os alcaldables nacionalistas asistiron con Guillermo Vázquez á creación da comisión electoral das cidades. **Páxina 10**



"Se non creamos en galego, seremos anulados"

Cesáreo Sánchez é o anfitrión na Coruña dos Encontros Galeusca, dedicados ao futuro das linguas do Estado. **Páxina 27**

Sexualmente menos activos por culpa do cambio de hora, mañá

A entrada do horario de inverno é responsable de que un 70% dos galegos se sinta máis triste e de que haxa máis ansiedade. **Páxina 18**

SABADO 30 DE NOBRO DE 2010 Nº 2705 FUNDADO EN 2002 DIRECTOR CAETANO DÍAZ VIDAL

www.galiciahoxe.com +34 981 575 345

Galicia Hoxe

SÁBADO

30

ÚNICO DIARIO EN GALEGO

É CUESTIÓN DE TEMPO QUE CHEGUE A GALICIA UN TSUNAMI

ALERTAS Non estaría provocado por terremotos, senón por esvaramentos submarinos no Atlántico **Páxina 17**

Forte rebaixa do paro en Galicia no verán polo 'efecto Xacobeo'

UN RESPIRO. Por primeira vez dende 2007, o paro baixou en España, pero a conta dos contratos temporais. O efecto Xacobeo notouse en Galicia, que recortou un 3,22% o desemprego, o dobre que a media estatal. **Páxina 9**

MÁIS DE 130 PELÍCULAS EN MENOS DUN MES NO MELLOR CINEUROPA

CALEFATEO COMERCIAL. A concelleira Socorro García e José Luis Losa, director de Cineuropa, presentaron a edición deste ano, con máis de 130 películas do 10 de novembro ao 3 de decembro. **Páx. 28**



ANA CURRAL



COMPOSTELACULTURA

CONCELLO DE SANTIAGO CONCELLO DE SANTIAGO




Restaurante
A PAINZA

A Painza - 15819 Viladavila
Arzúa (A Coruña)
Tlf: 981 575 345




RESTAURANTE
SANTIAGO DOS

Prza Cañillo Díaz Vallino s/n
15704 Santiago
Tlf: 981 554 510 - www.santiagodos.es



Restaurante
Monte da Condesa

Rúa Xacobe Díaz de Neiva s/n
15100 Monte de María
Tlf: 981 575 345



LETRAS Cesáreo Sánchez: "Cando a nosa lingua está a ser máis abafada por contidos externos, se non creamos en galego, seremos anulados"

Unha viaxe con futuro

Hoxe arrinca na Coruña o congreso Galeusca dedicado á literatura como base da industria cultural

Vanesa Oliveira · Santiago

Os XXVII Encontros Galeusca, que comezou onte a Coruña cunha cea de benvida aos participantes e se celebrará até o 1 de novembro, avanzará este ano sobre a "viaxe con futuro" das literaturas en galego, éuscaro e catalán no contexto de cambios no sector editorial, motivados en parte tras a irrupción dos novos soportes electrónicos. O presidente da Federación Galeusca e da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), Cesáreo Sánchez –que este ano actúa como anfitrión do congreso, organizado xunto á Euskal Idazleen Elkarte e a Asociación d'Escriptors en Llengua Catalana– opina que os e-books son "beneficiosos se acompañan á creación". Na súa opinión, ante os recortes económicos que están a afectar á industria cultural do país, resulta máis importante que nunca "crear os contidos en galego" xa que, ao seu ver, doutra maneira, "seremos asimilados".


O Galeusca está dedicado á reflexión sobre o futuro das literaturas en galego, éuscaro e catalán. Por que nesa edición? Este ano comezamos unha nova etapa que se vai abrindo camiño dende a constitución da Federación Galeusca. Neste tempo no que as cousas economicamente non van todo o ben para as Administracións públicas, os aparatos que teñen que ver coa cultura son desmados. Decidimos reflexionar sobre a actividade do escritor como fornecedor de contidos para as máis diversas formas de industria cultural. Como condicionarán o futuro do libro en papel os novos soportes?

Todo novo soporte abre novos camiños á vez que os vellos soportes se consolidan noutros. Pero a aparición de novos soportes non implica a desaparición dos vellos. Hai pouco lembra como a literatura de tradición oral nos países musulmáns desapareceu dos cafés coa chegada da radio e logo, a radio fixo o mesmo coa chegada da televisión. Na miña opinión, o libro vai consolidar en determinados territorios de lectura e aparecerán outros novos como o libro electrónico que influirá, sobre todo, no mundo do ensino, na edición de contidos científicos e enciclopédicos. Ademais, o libro electrónico vai abrir novas formas de lectura transeúntes e, sobre todo, usarano as novas xeracións.

Como influirá na escrita? Penso que os novos soportes son beneficiosos se acompañan á creación. Os primeiros ordenadores permitiron aos creadores traballar dun xeito máis rápido coa narrativa. Hai formas



Carta do encontro Galeusca e Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega



de creación como o teatro ou a poesía aos que non lles afectarán os novos soportes pero nacerán novas formas de creación. Están aí os blogs que son novas formas de facer literatura ou existen os epistolarios que se crean a través do correo electrónico. Eu emprego os soportes como unha ferramenta que me fai máis fácil o traballo.

A impronta deste tipo de soportes pode ser negativo para linguas minorizadas como o galego?

Toda evolución na comunicación favorece as linguas minorizadas. De feito, entre os finalistas dos premios á AELG estaba un blog feito no Brasil.

A democratización da comunicación favoréanos. Pero o núcleo do país ten que crear contidos en galego. Difícilmente se poderá ver un vídeo en galego nunha universidade americana se non existen os medios dixitais. A web da Asociación de Escritores ten cinco millóns de visitas de 35 países distintos. O importante é crear os contidos en galego: ese é o noso problema real. Nun momento no que podemos achegarnos ás novas formas de comunicación, dáse o paradoxo de que o noso idioma está a ser moi agredido. Cando a nosa lingua máis está a ser abafada por contidos externos, se non

creamos en galego, podemos ser anulados. O decreto do plurilingüismo ou a redución dun terzo do diñeiro que está axudando a nacer a unha industria cultural... Se deixamos de crear en galego, podemos ser asimilados.

Dende a Federación Galeusca pedides o recoñecemento como interlocutores ante o Ministerio de Cultura ao mesmo nivel que outras organizacións. ¿Como foron recibidas as vosas peticións?

Coa creación da federación quixemos ter un certo instrumentación legal para ser interlocutor coas Administracións. Logo de conseguir un acordo de mínimos, unha proposta vehiculizada a través de Jorquera, estamos nunha segunda fase reclamando ser recibidos polos responsables públicos. Entendemos que nun estado pluricultural e con diferentes realidades idiomáticas, iso ten que reflectirse nos presupostos do Estado.

A RAG acaba de conseguir que o Estado lle asignase unha cantidade para equiparalas a outras academias.

É importante e de agradecer aos responsables da RAG, porque grazas a iso damos visibilidade. É un camiño iniciado para ben.

De que tratarán na asemblea da Federación Galeusca?

Trataremos un cambio na presidencia dun escritor vasco pero tamén abordaremos cara a onde debemos avanzar. Somos tres nacións con tres sistemas literarios con estruturas políticas distintas e con necesidades diferentes. O noso país é fraxil pero culto. ●

POEMARIO

■ Sairá en marzo de 2011 o Día da Poesía

Faktoría K

editarán a obra do Premio 'Cidade de Orihuela'

A madrileña Beatriz Giménez de Ory foi a gañadora do III Premio Internacional de Poesía para Nenos *Cidade de Orihuela*, un certame organizado pola Concellería de Educación do Concello de Orihuela en colaboración co selo editorial galego Faktoría K, dotado con 14.000 euros, pola obra *Los versos que huyeron del libro tonto*.

Máis de 150 textos, algúns deles procedentes de Arxentina, Colombia, Cuba, México, Perú, Chile, Porto Rico, Honduras ou Estados Unidos, presentáronse nesta edición ó certame. O fallo do xurado prodúcese na véspera de celebrarse o centenario do nacemento do poeta oriolano Miguel Hernández. Con motivo desta efeméride, a principal novidade da convocatoria correspondente a este ano 2010 fora a duplicación da contía económica do premio.

O poemario galardado será publicado por Faktoría K en torno ao Día da Poesía do próximo mes de marzo. O selo galego distribuirá o libro en Europa e América, ademais de promocionalo nas feiras máis importantes do mundo, como Boloña (Italia), Bos Aires (Arxentina), Frankfurt (Alemaña) e Guadalupe (México). ● REDACCIÓN

ANÁLISE

■ Con Sandra López e Elena Odriozola

Os ilustradores celebran hoxe o seu encontro en Compostela

A Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI) celebra hoxe o seu encontro a partir das 10:00 horas na Fundación Caixa Galicia de Compostela o VII Encontro Galego da Ilustración. Nesta ocasión, ofrecerán dúas conferencias as creadoras Sandra López –que abordará o funcionamento das axencias de ilustradores– e Elena Odriozola –que falará sobre o seu proceso creativo e as súas experiencias profesionais–. Ademais, terá lugar un encontro coa avogada e directora da delegación barcelonesa da VEGAP, Paula Jiménez, que afondará nos dereitos de autor, ou a situación actual en relación cos soportes dixitais. Pola tarde, ás 17:30 horas, celebrarase unha asemblea xeral de socios. ● MARÉ

O PROGRAMA

Héctor Carré, Anxo Angueira ou Marcos S. Calveiro, nos debates

As sesións do Galeusca celebraranse na Biblioteca de Estudos Locais da Coruña. O congreso comeza hoxe ás 10:00 horas coa mesa redonda *A literatura como fornecedora de contidos da industria cultural: a literatura e o audiovisual*, coordinada por Raúl Veiga, na que participarán Héctor Carré, Ander Iturrizotz e Manel Bonany. As sesións continuarán ás 12:00 horas con outra mesa redonda: *As viaxes na literatura*, coordinada por Xulio L. Valcárcel, na que estarán Anxo Angueira, Urtzi Urrutikoetxea e Ignasi Riera. Pola tarde, haberá un percorrido 'rosaliano' pola Coruña. O

domingo, día 31, celebrarase ás 10:00 horas unha asemblea da Federación Galeusca. A medio día, terá lugar a mesa redonda *A literatura como fornecedora de contidos da industria cultural: a literatura como modelo de convivencia de vellos e novos soportes*, coordinada por Tati Mancebo, con Marcos S. Calveiro, Nikolas Zimarro e Guillem-Jordi Graells. Ás 19:00 horas, celebrarase un recital no que participarán Olalla Cociña e Dores Tembrás, Nikolas Zimarro, Miquel Bezares e Xabier Díaz (música). O 1 de novembro será a despedida das delegacións vasca e catalá convidadas.